

A SERRA DO SUÍDO

A metade norte do municipio de Covelo está dominada pola Serra do Suído. Esta serra, o extremo sur da dorsal galega, abrangue máis de 110km² e marca o límite entre as provincias de Pontevedra e Ourense. Aproveitada como zona de pastoreo desde tempos neolíticos, hoxe en día preséntanos unha paisaxe de hábitats abertos seminaturais, dominada por distintos tipos de matogueira. A actividade gandeira aínda xoga un papel fundamental no mantemento desta paisaxe, na que se agochan verdadeiros tesouros da fauna e flora galega.

Os **pasteiros** tradicionais situábanse nas zonas resgardadas e con solos máis profundos. Ademais de alimentar o gando, estes herbizais manteñen unha flora especial incluíndo plantas protexidas como o narciso.

Os distintos tipo de **matogueira** son o hábitat de moita da fauna máis emblemática da serra, incluíndo cazadores desde a víbora de Seoane e a tartaraña cincenta ata o mesmo lobo.



LOBO (*Canis lupus*)

A Serra do Suído e conca alta do Tea

- Límites do proposto LIC
- Ríos e regatos
- Turbeiras
- Matogueira higrófila
- Bosque autóctono
- Matogueira e rochedos
- Conxunto etnográfico
- ✕ Chozos e curralas
- ✕ Neveira
- ▽ Foxo do lobo
- Pasos e pontes



AGUÍA ALBELA
(*Circus gallicus*)




O declive do gando facilita que, pouco a pouco, se rexeneren rodais de **bosque montano**. Os mellores exemplos míranse nalgúnhas valgadas dos ríos, onde os salgueiros, estripeiros e bidueiros representan o primeiro paso cara o retorno das carballeiras orixinais.



Desde arriba: RA VERDE (*Pelophylax perezi*); NARCISO (*Narcissus pseudonarcissus*); CHASCO COMÚN (*Saxicola torquatus*); HERBA CENTELLA (*Caltha palustris*)

Abaixo: o val do Tea desde o Suído



As **brañas e turbeiras** funcionan como grandes esponxas que amortiguan a distribución de auga aos vales ao longo do ano. Aquí atopamos a orballiña, unha das nosas poucas plantas carnívoras. Tamén son os hábitats de cría da maioría das 12 especies de anfibio da serra.

En 2010-2011, o Concello de Covelo realizou, en colaboración coas comunidades de montes de Fofe, Campo e Barcia de Mera, un proxecto de "accións para incrementar a biodiversidade da Serra do Suído e as Costas do Alén". Incluía a restauración dos pasteiros tradicionais en Fofe e Campo, a conservación de turbeiras e outros hábitats de cría para anfibios, e a restauración de rodais de carballeira, sobreiral e bosque montano. O proxecto foi premiado pola rede +biodiversidade 2010 da Federación Española de Municipios e Provincias.

OS HÁBITATS ABERTOS DO SUÍDO



A Serra do Suído abrangue máis de 110km² e marca o límite entre as provincias de Pontevedra e Ourense. Aproveitada como zona de pastoreo desde tempos neolíticos, hoxe en día preséntanos unha paisaxe de hábitats abertos seminaturais, dominada por distintos tipos de matogueira. A actividade gandeira aínda xoga un papel fundamental no mantemento desta paisaxe, na que se agochan verdadeiros tesouros da fauna e flora galega.

Os **pasteiros** tradicionais situábanse nas zonas resgardadas e con solos máis profundos. Ademais de alimentar o gando, estes herbizais manteñen unha flora especial incluíndo plantas protexidas como o narciso.


Os distintos tipos de **mato** son o hábitat de moita da fauna máis emblemática da serra, incluíndo cazadores desde a víbora de Seoane e a tartaraña cincentaata o mesmo lobo.





CORZO
(Capreolus capreolus)

A Serra do Suído e conca alta do Tea

- Limites do proposto LIC
- Ríos e regatos
- Turbeiras
- Matogueira higrófila
- Bosque autóctono
- Matogueira e rochedos
- Conxunto etnográfico
- Chozos e curralas
- Neveira
- Foxo do lobo
- Pasos e pontes




X VDE. ESTÁ AQUÍ



Desde arriba: MERLO RUBIO (Monticola saxatilis); ESTROZA (Hyla arborea); ORBALLINA (Drosera rotundifolia); NARCISO (Narcissus triandrus)

Abaixo: pasteiro de Fofe



AGUÍA ALBELA
(Circaetus gallicus)

O declive do gando facilita que, pouco a pouco, se rexeneren rodais de **bosque montano**. Os mellores exemplos míranse nalgunhas valgadas dos ríos, onde os salgueiros, estripeiros e bidueiros representan o primeiro paso cara o retorno das carballeiras orixinais.

As **brañas e turbeiras** funcionan como grandes esponxas que amortigüan a distribución de auga aos vales ao longo do ano. Aquí atopamos a orballina, unha das nosas poucas plantas carnívoras. Tamén son os hábitats de cría da maioría das 12 especies de anfibio da serra.

En 2010-2011, o Concello de Covelo realizou, en colaboración coas comunidades de montes de Fofe, Campo e Barcia de Mera, un proxecto de "accións para incrementar a biodiversidade da Serra do Suído e as Costas do Alén". Incluía a restauración dos pasteiros tradicionais en Fofe e Campo, a conservación de turbeiras e outros hábitats de cría para anfibios, e a restauración de rodais de carballeira, sobreiral e bosque montano. O proxecto foi premiado pola rede +biodiversidade 2010 da Federación Española de Municipios e Provincias.

ANFIBIOS DO SUÍDO

Na Serra do Suído podemos atopar ata 13 das 15 especies de anfibio presente en Galicia, incluíndo sete especies protexidas.

En Galicia, igual que na maior parte do mundo, os anfibios conforman o grupo de vertebrados máis ameazado. Precisan medios acuáticos para a reprodución, e a dramática perda dos nosos humidaís naturais nas últimas décadas é un factor clave no seu declive. No Suído, a conversión das brañas e turbeiras en pasteiros, e a construción de pistas e outras infraestruturas, reduciron significativamente a superficie do seu hábitat e tiveron un impacto negativo nas súas poboacións. Porén, algunhas especies son capaces de colonizar novos medios acuáticos, artificiais na súa orixe, como son os bebedeiros para gando, os pozos antiincendios, e charcas como esta, relicto dunha antiga gravera.

AS ESPECIES DO SUÍDO

Urodelos (píntegas e pintafontes)	Anuros (ras e sapos)
Saramaganta rabilonga <i>Chioglossa lusitanica</i> ^{2,3}	Estroza <i>Hyla arborea</i> ^{2,4}
Píntega <i>Salamandra salamandra</i>	Ra patilonga <i>Rana iberica</i> ^{2,4}
Pintafontes común <i>Lissotriton boscai</i>	Ra verde <i>Pelophylax perezi</i>
Pintafontes palmeado* <i>Lissotriton helveticus</i>	Ra vermella* <i>Rana temporaria</i>
Pintafontes verde <i>Triturus marmoratus</i> ⁴	Sapo pinto <i>Discoglossus galganoi</i> ^{2,4}
	Sapo parteiro <i>Alytes obstreticans</i> ⁴
	Sapo corredor <i>Epidaeia calamita</i> ⁴
	Sapo común <i>Bufo bufo</i>

* presenza sen confirmar

^{2,3,4} especies nomeadas na Directiva Hábitats Europea (nº refire ao anexo relevante)

NAS TURBEIRAS

No contorno das cabeceiras dos regatos atopamos zonas permanentemente asolagadas: as brañas e turbeiras. Son hábitats ideais para especies que non precisan de augas moi profundas, como o sapo corredor e o sapo común.



SAPO CORREDOR



SAPO COMÚN



ESTROZA

NAS CHARCAS

Onde as augas se acumulan con máis profundidade, sexa de xeito natural ou sexa nunha charca artificial como ésta de aquí, é posible atopar numerosas especies nuns poucos metros cadrados. Salientan ras como a ra verde e, onde hai moita vexetación, a estroza; tamén o pintafontes común e o pintafontes verde.



PINTAFONTES VERDE

O acondicionamento de charcas artificiais

Cunhas sinxelas intervencións nos depósitos de auga e nas charcas seminaturais das antigas canteiras, é posible incrementar considerablemente os hábitats na serra aptos para a cría de anfibios. O máis importante é asegurar o suministro de auga, sobre todo na primavera e verán, manter vexetación acuática e nas marxes e, nos pozos artificiais, crear unha rampa para facilitar a entrada e saída dos animais.



En 2010-2011, o Concello de Covelo realizou proxectos de restauración en varios dos hábitats do Suído. Incluía o acondicionamento desta charca e de dous depósitos de auga, en Chan do Libro e no pastizal de Fofe, como hábitats de cría para anfibios. Formaron parte do proxecto de “accións para incrementar a biodiversidade da Serra do Suído e as Costas do Alén”, iniciativa do Concello de Covelo, en colaboración coas comunidades de montes de Fofe, Campo e Barcia de Mera. O proxecto foi premiado pola rede +biodiversidade 2010 da Federación Española de Municipios e Provincias.

NOS REGATOS DA SERRA

Ostramos máis altos dos regatos, con augas frías, limpas e ben oxixenadas, son os mellores sitios para atopar dúas especies endémicas do noroeste da península ibérica (que dexeito natural só se atopa aquí): a saramaganta rabilonga e a ra patilonga.



SARAMAGANTA RABILONGA

O SOBREIRAL DE CHAN DE MONS

O carballo pode que sexa a árbore máis emblemática de Covelo, pero nalgúñas ladeiras soleadas nas altitudes baixas atopamos outra árbore noble: a sobreira (*Quercus suber*). Esta árbore, típica das zonas cálidas de Portugal e do mediterráneo, antigamente era moito máis abundante en Pontevedra. Hoxe fican poucos sobreirais na provincia, e as 4 ha de Chan do Mons, no monte veciñal de Barcia de Mera, representan un dos exemplos máis extensos.


Nas derradeiras décadas este sobreiral foi afectado polo paso de numerosos lumes, e a subsecuente invasión por eucaliptos. É actualmente obxecto dun proxecto de restauración.

A VIDA NO BOSQUE

Nos sobreirais galegos, ademais da sobreira atopamos carballos (*Quercus robur*), e outras varias especies de árbores e arbustos, como o loureiro, o érbedo a xilbarbeira e a carpaza.

Igual que as carballeiras, estes bosques autóctonos son importantes zonas de refuxio, cría e alimentación para numerosos animais desde pequenos paxáros como o ferreiriño real e o cardenal común ata mamíferos como o xabarín e o corzo ou cazadores nocturnos como a curuxa.

As fisuras na corteza e as súas propiedades como illante térmico dan ás sobreiras vellas un valor excepcional para invertebrados e para morcegos.



AS ESPECIES INVASORAS E O LUME

Árbores de especies alóctonas de rápido medre, procedentes das plantacións forestais, están presentes na maioría dos nosos rodais de bosque. Son especies pirófitas, amigas do lume, e arden facilmente. No curto prazo o illamento térmico da corteza protexe as sobreiras grandes dos peores efectos destes incendios, pero comeza unha espiral de degradación no que os protagonistas son os eucaliptos, piñeiros, acacias e o lume.

Tras arder, as sementes das árbores pirófitas xermolan de forma masiva e medran rapidamente, ata que moitas veces dominan e impiden a vexetación autóctona. Cando medran en masas densas é só cuestión de agardar ata que volte o lume.


Co fin de frear este ciclo, no sobreiral de Chan de Mons estase implantando un proxecto de erradicación de especies invasoras e restauración das especies do bosque autóctono.

CURUXA COMÚN
(*Tyto alba*)



FERREIRIÑO NEGRO
(*Parus ater*)

dereita, no sentido
das agullas do
reloxo:
corteza e landras
da SOBREIRA
(*Quercus suber*);
ÉRBEDO (*Arbutus
unedo*);
XILBARBEIRA
(*Ruscus aculeatus*)



A CULTURA DA CORTIZA

En Galicia cáseque se perdeu a cultura do aproveitamento da cortiza das sobreiras, pero en Portugal mantén gran importancia económica. Tradicionalmente a "pela" faise a comezos do verán en quendas de 9-10 anos. Ao non tocar a casca (a corteza interna) a árbore non sofre, e normalmente seguen producindo durante máis de 200 anos. É un aproveitamento do monte compatible cos valores naturais do bosque, apoiada por organizacións internacionais de conservación como a WWF.

